

De conformidade co previsto na ORDEN de 25 de XANEIRO de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria y de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## ESO

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

O **período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final** dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Estas actividades teranse en conta para a cualificación que farase efectiva na avaliación final de curso.

Procederemos deste xeito:

1. ALUMNADO QUE TEÑA A MATERIA SUSPENSA LOGO DA REALIZACIÓN DA 3º AVALIACIÓN PARCIAL:
  - O docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.
  - Dedicarase este tempo a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
  - Avaliación final: faremos probas obxectivas de recuperación nas diferentes destrezas según consta na programación. Se as supera, recuperará a materia. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.
  
2. ALUMNADO QUE **NON** TEÑA A MATERIA SUSPENSA LOGO DA REALIZACIÓN DA 3º AVALIACIÓN PARCIAL:
  - Dedicarase este tempo a actividades de apoio, ampliación e titoría.
  - Avaliación final: a nota da avaliación final non pode ser inferior á da 3º avaliación parcial, pero si pode ser superior. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

## 1º BACHARELATO

De conformidade co previsto na ORDEN de 25 de XANEIRO de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria y de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece

o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha **proba extraordinaria de toda a materia** nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso ( aproximadamente entre o 20 e 22 de xuño 2022).

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

## **2º BACHARELATO**

No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.